

Centro Galego de Artes da Imaxe



PROGRAMACIÓN

- ▶ Naomi Kawase (I)
- ▶ Raoul Walsh (VI)
- ▶ David Lynch no labirinto de "Inland Empire" (I)

- ▶ Poéticas do Cine
- ▶ After Hours
- ▶ Extraterritorial
- ▶ Fóra de serie
- ▶ Historias de cine para nenos

Sábado 1
18.00 h. **Poéticas do Cine**
IT'S IMPOSSIBLE TO LEARN TO PLOW BY READING BOOKS
Richard Linklater, 1988.
85'. Vídeo. Subtítulos en galego.

20.30 h. **Raoul Walsh**
MURIERON CON LAS BOTAS PUESTAS (1941)
140'. Subtítulos en castelán.

Luns 3
20.30 h. **Poéticas do Cine**
MILKY WAY
Benedek Fliegauf, 2007.
82'.

Martes 4
20.30 h. **Fóra de serie**
LISTE, PRONUNCIADO LÍSTER
Margarita Ledo, 2007.
111'. Presentación a cargo da súa directora, Margarita Ledo Andión.
Entrada gratuíta.

Mércores 5
20.30 h. **Fóra de serie**
TRAZOS (Simón Casal de Miguel, 2007)
EN EL ARMARIO (Marcos Méndez, Raúl García, Elena Gómez, Jorge Mosquera, Martina Pérez e Eva Rey, 2007)
O CRILO (Raúl García e Martina Pérez, 2007)
NON RETURNABLE (Marcos Méndez e Eva Rey, 2007)
PKM 406 (Raúl García e Martina Pérez, 2008)
36'. Vídeo. Presentación coa presenza dos seus autores.
Entrada gratuíta.

Xoves 6
20.30 h. **Poéticas do Cine**
THE ISLAND AT THE END OF THE WORLD
Raya Martin, 2004.
109'. Vídeo. Subtítulos en galego.

Venres 7
20.30 h. **Poéticas do Cine**
OPERATION FILMMAKER
Nina Davenport, 2006.
95'. Subtítulos en galego.

23.00 h. **After Hours / In-Edit**
GLOBAL METAL
Sam Dunn e Scott McFadyen, 2007.
93'. Subtítulos en galego.

Sábado 8
18.00 h. **Extraterritorial**
PÓ DE ESTRELAS
(Alberte Pagán, 2007)
MUYBRIDGE 2.0
(Gonzalo de Pedro, 2007)
TABLA AERÓBICA, N° 4 (ENTRENAMIENTO PARA PINTORES)
(Gonzalo de Pedro, 2007)
35'. Vídeo. Presentación a cargo dos seus autores. Entrada gratuíta.

20.30 h. **Raoul Walsh**
GENTLEMAN JIM (1942)
104'. Subtítulos en castelán.

Luns 10
20.30 h. **Poéticas do Cine**
AUTOHYSTORIA
Raya Martin, 2007.
95'. Vídeo.

Martes 11
20.30 h. **Raoul Walsh**
EL HIDALGO DE LOS MARES (1951)
117'. Subtítulos en galego.

Mércores 12
20.30 h. **Naomi Kawase**
EL BOSQUE DEL LUTO (2007)
97'. Subtítulos en castelán.

Xoves 13
20.30 h. **Naomi Kawase**
O XEADO DE PAPÁ (1988)
NOS SEUS BRAZOS (1992)
CEO, VENTO, LUME, AUGA, TERRA (2001)
95'. Vídeo. Subtítulos en galego.

Venres 14
20.30 h. **Naomi Kawase**
EL BOSQUE DEL LUTO (2007)
97'. Subtítulos en castelán.

23.00 h. **After Hours / In-Edit**
FRANZ FERDINAND: ROCK IT TO RIO
Don Letts, 2007.
54'. Vídeo. Subtítulos en castelán.

Sábado 15
18.00 h. **Historias de cine para nenos**
A PEQUENA VENDEDORA DE SOL
(Djibril Diop Mambety, 1998)
O NENO E O CAIMÁN
(Moustapha Dao, 1999)
62'. Subtítulos en galego. Entrada gratuíta.

20.30 h. **Raoul Walsh**
JUNTOS HASTA LA MUERTE (1949)
94'. Subtítulos en castelán.

Luns 17
18.00 h. **Naomi Kawase**
UNHA PEQUENA GRANDEZA (1989)
O PAN DA DEUSA (1990)
COMO A FELICIDADE (1991)
LÚA BRANCA (1993)
99'. Vídeo. Subtítulos en galego.

20.30 h. **Naomi Kawase**
SUZAKU (1997)
95'. Subtítulos en galego.
Presentación do libro "Naomi Kawase. El cine en el umbral" a cargo do seu coordinador, o crítico cinematográfico José Manuel López.
Entrada gratuíta.

Martes 18
18.00 h. **Naomi Kawase**
HISTORIA DE XENTE DE MONTAÑA (1997)
FÍXOME NAQUILO QUE ME INTERESA (1988)
A CONCRECIÓN DAS COUSAS COAS QUE INTENTO RELACIONARME DE MÚLTIPLES MANEIRAS (1988)
O MEU S-D-V (1988)
AGORA, (1989)
95'. Vídeo. Subtítulos en galego.

20.30 h. **Raoul Walsh**
OBJETIVO BIRMANIA (1945)
142'. Subtítulos en galego.

Luns 24
20.30 h. **Naomi Kawase**
SHARA (2003)
99'. Subtítulos en galego.

Martes 25
20.00 h. **Naomi Kawase**
HOTARU (2000)
164'. Subtítulos en galego.

Mércores 26
20.30 h. **Raoul Walsh**
SIN CONCIENCIA
Bretagne Windust e Raoul Walsh, 1950.
87'. Subtítulos en galego.

Xoves 27
20.00 h. **David Lynch**
INLAND EMPIRE (2006)
180'. Vídeo. Subtítulos en castelán.

Venres 28
20.30 h. **David Lynch**
SIX FIGURES GETTING SICK (1966)
THE ALPHABET (1968)
THE GRANDMOTHER (1970)
THE AMPUTEE (1974)
THE COWBOY AND THE FRENCHMAN (1988)
PREMONITION FOLLOWING AN EVIL DEED (1995)
67'. Vídeo. Subtítulos en galego.

23.00 h. **After Hours / David Lynch**
MULHOLLAND DRIVE (2001)
145'. Subtítulos en castelán.

Sábado 29
18.00 h. **David Lynch**
LYNCH (BLACKANDWHITE, 2007)
84'. Subtítulos en galego.

20.00 h. **David Lynch**
INLAND EMPIRE (2006)
180'. Vídeo. Subtítulos en castelán.

Luns 31
20.30 h. **Naomi Kawase**
A MIÑA FAMILIA, UNHA SOA PERSOA (1989)
CARACOL (1994)
VICHES O CEO? (1995)
NACEMENTO / NAI (2006)
103'. Vídeo. Subtítulos en galego.

INFORMACIÓN XERAL

Todas as películas proxéctanse en versión orixinal, agás indicación contraria.
A duración das películas é orientativa e aproximada.
Esta programación pódese ver alterada por razóns alleas á nosa vontade.
Unha vez iniciada a sesión non se permitirá a entrada á sala de proxeccións.
As sesións de Aforo Limitado teñen reservadas un número indeterminado de butacas.
As sesións sinaladas con inclúen algún tipo de presentación ou conferencia previa á proxección.
As sesións sinaladas con sofren modificacións sobre os horarios habituais.

PREZO DA ENTRADA

Xeral: 1'20 €
Camé Xove: 0'60 €
Abono para 10 sesións: 9 €

As sesións de Entrada Gratuíta notificaranse no programa.
A venda de entradas iniciárase 30 minutos antes de comezar a sesión (non se venden entradas por anticipado).
Só se venderán un máximo de dúas entradas por persoa.

SALA DE PROXECCIONS

CGAI. Durán Loriga, 10 baixo. 15003 A Coruña
Tel.: 981 203 499. Fax: 981 204 054
E-mail: programacion@cgai.org
http://www.cgai.org

Depósito legal: C - 671/2001

CGAI CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Comunicación
Dirección Xeral de
Comunicación Audiovisual

► POÉTICAS DO CINE:

Sección que iniciaa como ciclo organizado conjuntamente co Festival de Cine de Gijón, convertemos en fixa dentro da programación. O tema central inicial, a propia reflexión sobre o cinema, deriva e configura toda unha serie de traballos contemporáneos que indagan nas texturas e evolución da linguaxe fílmica, procesos de busca que nos revelan o tremendo potencial que aínda xace baixo o mundo das imaxes. Cada mes estreademos propos-tas iconoclastas deste corte.

IT’S IMPOSSIBLETO LEARN TO PLOW BY READING BOOKS / [IMPOSSIBLE APRENDER A ARAR DUN LIBRO]

Richard Linklater, 1988. Documental. 85´.

Richard Linklater (“Antes del anochecer”; “Una pandilla de pelotas”) toma a súa cámara e embárcase nunha viaxe por tren sen máis pretensión que vagabundear con tempo e sen présa.Vestido cunha camiseta cuxa lenda é unha contundente declaración de intencións (“imposible aprender a arar dun libro”), Linklater prescinde das teorías e manuais enfaixados e deixa que a cámara rode para aprender a rodar.

TEJÚT / MILKY WAY

Benedek Fliegau, 2007. Documental. 82´.

Unha viaxe metafísica e hipnótica que en verbas do seu director é:“unha volta orbital que nos permite ver como é realmente o lugar onde vivimos: un planeta nun espazo infinito.Aquí non hai cidades nin campo nin conflitos políticos, senón a biosfera, pasaxes intemporais e estes seres extraños e misteriosos que viven en nós e que somos nós mesmos...”. Premiada en Locarno.

OPERATION FILMMAKER

Nina Davenport, 2006. Documental. 95´.

O actor Liv Schreiber ve na MTV un informe sobre as penurias de Muthana, un estudante de cine de Bagdad e ofrécelle traballo no seu debut como director.Na rodaxe en Praga, Muthana amosase como un manipulador conflictivo e consegue outro emprego nunha película con The Rock. Obtén unha bolsa para estudar en Londres, cos gastos a cargo da fotografía e documentalista estadounidense, Nina Davenport, realizadora do traballo atrapada nas desventuras do seu propio personaxe nun claro exemplo das consecuencias perigosas da relación documentalista-suxeito filmado.

ANG ISLA SA DULO NG MUNDO / THE ISLAND AT THE END OF THE WORLD

Raya Martin, 2004. Documental. 109´.

O xenio precoz Raya Martin (Manila, 1984) viaxa á illa de Itbayat, do grupo dos Batanes, para rexistrar os costumes dos seus habitantes e a súa vida afastada da civilización moderna. Illados fóra do verán, a cámara dálles a oportunidade de contar as súas historias.

AUTOHYSTORIA

Raya Martin, 2007. 95´.

Na actualidade un home recibe na cidade ao seu irmán menor, a quen hai tempo que non ve. A finais do século XIX, outro par de irmáns, militantes da revolución independentista, son acusados de traizón e asasinados nunha manobra xacobina entre os propios revolucionarios (o acusador, Emilio Aguinaldo, será o primeiro presidente do país). Para Raya Martin é unha colección de memorias dixitalizadas dos diferentes mundos que percibimos, acrecentando a súa condición de orixinal cronista da Historia filipina.

Agradecementos: Festival Internacional de Cine de Gijón, Ana Herrera, Márta Bényei, Nina Davenport, Jan Rofekamp, Leach Nosek, Kristine Pregot, Raya Martin.

RAOUL WALSH (VI):

► En colaboración con Donostia Kultura e IVAC-La Filmoteca de Valencia.

THEY DIED WITH THEIR BOOTS ON / MURIERON CON LAS BOTAS PUESTAS

Raoul Walsh, 1941. Con Errol Flynn, Olivia de Havilland, Arthur Kennedy. 140´. Terceira produción Warner do mes, primeiro dos sete títulos rodados con Errol Flynn para a empresa. A ascensión e caída dun soldado da Unión, tan disciplinado como atrevido, dun defensor dos indios que acaba matando síux por causa de especuladores e corruptos, nobre inimigo e amigo insubornable: o xeneral Custer.Memorable western de ton épico que reúne as grandes calidades do cine de Walsh.

GENTLEMAN JIM

Raoul Walsh, 1942. Con Errol Flynn, Alexis Smith. 104´.

A historia dun campión de boxeo, James Corbett, a que Walsh coñecera na súa infancia, e que ganou por méritos propios o título de cabaleiro no sentido máis amplo e nobre. Sorprendentemente áxil biopic deportivo que se transcende invocando unha historia das orixes de América e a súa mobilidade social.

CAPTAIN HORATIO HORNBLOWER / EL HIDALGO DE LOS MARES

Raoul Walsh, 1951. Con Gregory Peck, Virginia Mayo. 117´.

O capitán inglés Horatio Hornblower viaxa co seu barco a América Latina coa misión de axudar a un tolo ditador centroamericano. Walsh despídese da Warner cunha homenaxe á mariña inglesa, destacando a precisión e veracidade das dúas batallas navais e o sólido retrato do protagonista, nun título de aventuras no mar moi popular.

COLORADO TERRITORY / JUNTOS HASTA LA MUERTE

Raoul Walsh, 1949. Con Joel McCrea, Virginia Mayo. 94´.

Canso e desexoso de iniciar unha nova vida, Wes MacQueen acepta un último traballo, convencido polo xefe da súa antiga banda. O roubo non sae como estaba previsto e desde ese momento a súa vida consistirá en escapar e escapar, coa única compañía da moza “Colorado” Carson. Nova versión d’“El último refugio” (1941), adaptada aos tempos da fronteira, que, chea de vigor e sinxeleza, volve a un relato de amor; morte e fuxida.

OBJECTIVE, BURMA! / OBJETIVO BIRMANIA

Raoul Walsh, 1945. Con Errol Flynn, William Prince. 142´.

Durante a II Guerra Mundial, un grupo de soldados salta en paracaídas sobre a xungla birmana para intentar destruír un radar e facilitar así a entrada dos aliados. Unha vez cumprida a misión, os homes non poden ser rescatados. Penúltima colaboración de Walsh co seu actor fetiche, Errol Flynn, nun sobrio, seco e exemplar título bélico que chegou a ser empregado para adestrar aos combatentes israelís de Hagannah en 1946.

THE ENFORCER / SIN CONCIENCIA

Bretaigne Windust e Raoul Walsh, 1950. Con Humphrey Bogart, Zero Mostel. 87´.

Un fiscal propoñe rematar cun dos *capos* do crime organizado. Para conseguilo conta como testemuña de cargo co que fora home de confianza do mafioso, ata que morre como todos os que antes intentaran testemuñar contra el. Enxeñoso e brutal policial no que Walsh entrou unha vez iniciada a rodaxe.

Agradecementos: Fleur Buckley, British Film Institute, Geraldine Higgins, Hollywood Classics.

► AFTER HOURS:

En colaboración con IN-EDIT BEEFEATER Festival Internacional de Cine Documental Musical de Barcelona.

GLOBAL METAL

Sam Dunn e Scott McFadyen, 2007. Documental. Con Metallica, Iron Maiden, Sepultura. 93´.

Metaleiros, sociólogos e cineastas, Dunn e McFadyen volven ao heavy metal intentando agora explicar o seu proceso de globalización. Co subtítulo de “Sete países, tres relixións, unha tribo”, tras “Metal: A Headbanger’s Journey”, transitamos pola adaptación á música e os seus ritos aos diferentes climas, nacións e xentes. De Monterrey a Brasil pasando por Israel, Marrocos ou Moscova (cos filofascistas e racistas fabricantes de metal extremo “Korrozia Metalla”), un apaixonante percorrido polas variedades de metal.

FRANZ FERDINAND: ROCK IT TO RIO

Don Letts, 2007. Documental. Con Franz Ferdinand, Bono. 54´.

O documentalista punk afrobritánico Don Letts (“The Clash:Westway to the world”, “Punk:Attitude”) volve ás súas raíces, os concertos, alí onde está a acción. Achégase aos *indies* máis celebrados de Escocia mentres o grupo xira por América Latina (Chile, Brasil e Arxentina, abrindo o concerto de U2 en São Paulo), actuacións cheas de xente. Franz Ferdinand, o grupo escocés de pop, intelecto e baile, herdeiros de Orange Juice e Josef K, están na súa salsa, de festa no entroido de Río ou gravando novas cancións.

► NAOMI KAWASE (I):

En colaboración co Festival Internacional de Cine de Las Palmas, Filmoteca Canaria e IVAC-La Filmoteca de Valencia.

Acompañado da publicación do libro *Naomi Kawase. El cine en el umbral*, coordinado por José Manuel López e coeditado polo CGAI, o Festival Internacional de Cine de Las Palmas e T&B Editores, realizamos unha ampla retrospectiva sobre esta cineasta xaponesa coa exhibición de sete programas de documentais e catro longametraxes de ficción ao longo dos meses de marzo e abril.

Naomi Kawase forma xunto a Hirokazu Kore-eda, Nobuhiro Suwa ou Shinji Aoyama a avanzada dunha brillante xeración de cineastas, nados na década dos sesenta en Xapón, que atoparon na ausencia e na perda os elementos que poñen en crise as súas historias. Abandonada por seus pais ao pouco de nacer, a Kawase criárona seus tíos avós e toda a súa filmografía levántase sobre este sentimento de ausencia, un longo camiño na procura da propia identidade, que converte a súa vida na materia da que se nutre un cine cheo de ocos que hai que encher, de corpos que faltan e que se buscan. *Nos seus brazos* (1992) foi o seu primeiro achegamento desde o documental á figura do pai ausente —en *O xeado de papá*, unha curta de 1988, xa abordara esta cuestión desde a ficción— e foi tamén a obra que a deu a coñecer internacionalmente. En 1997, Kawase converteuse na cineasta máis nova en ganar a Cámara de Ouro do Festival de Cannes con *Suzaku* —historia sobre a disgrega-

ción do núcleo familiar provocada por outra ausencia paterna—, pero non será ata 2007 con *El bosque del luto* —ganadora do Gran Premio do Festival de Cannes dese ano— que unha das súas obras finalmente se estree comercialmente en España. Non obstante, a filmografía da cineasta de Nara é sorprendentemente extensa para os seus trinta e oito anos. Case trinta obras que van da curta á longametraxe, do Súper 8 aos 35 mm. pasando polo vídeo dixital, ou da intimidade dos seus documentos privados sobre a súa familia ao traballo cun equipo de rodaxe nas súas longametraxes de ficción (que seguen presentando profundas pegadas autobiográficas).

MOGARI NO MORI / EL BOSQUE DEL LUTO

Naomi Kawase, 2007. Con Shigeki Uda, Machiko Ono. 97´.

Gran Premio no Festival de Cannes 2007. Shigeki vive nunha pequena residencia de anciáns, onde está moi a gusto. Machiko, unha traballadora social do equipo da residencia, préstalle especial atención, aínda que está atormentada pola perda de seu fillo. No aniversario de Shigeki, Machiko lévao a dar unha volta en coche polo campo. O coche queda parado e Shigeki, con decisión, intérnase no bosque. Ambos parten na procura de tranquilidade espiritual.

PROGRAMA 1. 95´

PAPA NO SOFUTO KURĪMU / PAPA’S ICE CREAM / [O XEADO DE PAPÁ] (1988). 5´.

NI TSUTSUMARETE / EMBRACING / [NOS SEUS BRAZOS] (1992). 40´.

KYAKARABAA / SKY,WIND, FIRE, WATER, EARTH / [CEO,VENTO,LUME,AUGA,TERRA] (2001). 50´.

PROGRAMA 2. 99´

CHIISANA ÔKISA / A SMALL LARGENESS / [UNHA PEQUENA GRANDEZA] (1989). 12´.

MEGAMI-TACHI NO PAN /THE GIRL’S DAILY BREAD / [O PAN DA DEUSA] (1990). 12´.

KÔFUKU MODOKI / LIKE HAPPINESS / [COMO A FELICIDADE] (1991). 20´.

SHIROITSUKI / WHITE MOON / [LÚA BRANCA] (1993). 55´.

PROGRAMA 3. 95´

SOMAUDO MONOGATARI /THE WEALD / [HISTORIA DE XENTE DE MONTAÑA] (1997). 73´.

WATASHI WATSUYOKU KYÔMI O MOTTA MONO O ÔKIKU FIX DE KIRITORU/ I FOCUS ON THAT WHICH INTERESTS ME / [FÍXOME NAQUILO QUE ME INTERESA] (1988). 5´.

WATASHI GA IKIKI TO KAKAWATTE IKÔ TO SURU JIBUTSU NO GUTAIKA / CONCRETIZATION OF THESE THINGS FLYING AROUND ME / [A CONCRECIÓN DAS COUSAS COAS QUE INTENTO RELACIONARME DE MÚLTIPLES MANEIRAS] (1988). 5´.

MY J-WF / [O MEU S-D-V] (1988). 7´.

IMA, / PRESENTLY, / [AGORA,] (1989). 5´.

PROGRAMA 4. 103´

TATTA HITORI NO KAZOKU / MY SOLE FAMILY / [A MIÑA FAMILIA, UNHA SOA PERSOAJ] (1989). 10´.

KATATSUMORI / [CARACOL] (1994). 40´.

TEN, MITAKE / SEE THE HEAVEN? / [MICHES O CEO?] (1995). 10´.

TARACHIME / [NACEMENTO / NAI] (2006). 43´.

MOE NO SUZAKU / [SUZAKU]

Naomi Kawase, 1997. Con Jun Kunimura, Machiko Ono. 95´.

A vida é dura en Nishiyosino-mura, unha pequena vila xaponesa de montaña afectada pola crise económica de 1971 que obrigou á maioría dos seus habitantes a marchar á cidade. Tozo Tahara decide quedar para manter a súa nai, muller sobriño e filla. Cámara de Ouro no Festival de Cannes de 1997.

SHARA SÔJU / [SHARA]

Naomi Kawase, 2003. Con Kohei Fukunaga, Yûka Hyodo. 99´.

A historia dunha familia golpeada pola desaparición dun dos fillos. Observación respectuosa dos dramas e a reconstrución dos lazos, Kawase introdúcenos nun mundo íntimo e recoñecible, unha delicada exposición chea de pudor e distancia.

HOTARU / [VAGALUME]

Naomi Kawase, 2000. Con Yûko Nakamura, Toshiya Nagasawa. 164´. Premio FIPRESCI en Locarno e varios premios no BAFICI 2003. Complexa historia de amor entre dous individuos que necesariamente deben estar xuntos nun contexto en que a traxedia e o pasado os marcaron profundamente: Ayako traballa como bailarina de *strip-tease*. Acaba de sufrir un aborto e de romper co seu mozo. Dajii é un artesán solitario que se dedica a facer cerámica para cerimonia relixiosas.

Agradecementos: Naomi Kawase, Yûko Naito, Paul Richer, Pyramide Films (Francia), Esther Devos, Wild Bunch (Gran Bretaña).

► EXTRATERRITORIAL:

Continúa esta sección de periodicidade mensual, iniciada en novembro e nada coa vocación de presentar traballos de corte experimental, propostas periféricas e alternativas, fóra tanto de convencións narrativas como de circuitos de exhibición e distribución ao uso. Presididas pola quebra coa narración institucionalizada, amosamos un conxunto de propostas heteroxéneas e singulares pouco coñecidas, atípicas e a contracorrente, á marxe —case sempre de maneira absoluta— da senda pola que circula o resto da produción. Este mes, seleccionamos varios traballos recentes, *Pó de estrelas* do galego Alberte Pagán, autor de *Bs.As.*, selecciónal na Sección Oficial no último Festival Internacional de Cine Documental de Navarra, e dous traballos firmados por un dos programadores deste festival, o tamén crítico (“Cahiers du Cinéma España”) Gonzalo de Pedro.

PÓ DE ESTRELAS

Alberte Pagán, 2007. 24´.

Abres o xornal.Acendes a tele ou conectas a radio.Benvido ao mundo real, a un remuíño infernal de imaxes e sons, letras e anuncios, reportaxes, noticiarios, crónicas, opinións, publicidades e películas. Mentres tanto o universo se expande e seguimos contemplando o brillo de estrelas que morreron hai séculos.

MUYBRIDGE 2.0

Gonzalo de Pedro, 2007. 3´.

E se Edward Muybridge levantase a cabeza? Atoparía un mundo de bytes ceros e uns, danzando ao atardecer; cabalos atolados e sons apocalípticos.

TABLA AERÓBICA, Nº 4 (ENTRENAMIENTO PARA PINTORES)

Gonzalo de Pedro, 2007. 8´.

Cinco pasos separan calquera lenzo da pantalla dun cine de barrio... Raios X, vinagre e Súper 8 manipulado para medir a distancia entre o óleo e o celuloide.

Agradecementos: Gonzalo de Pedro, Alberte Pagán.

► FÓRA DE SERIE:

A presentación da agardada película sobre o histórico político Enrique Lister dirixida por Margarita Ledo, docente universitaria, especialista en cine documental, activista cultural e política, domina a sección “Fóra de serie” do mes. Ademais contamos coa segunda curta de Simón Casal e un grupo de traballos realizados por Xermen Producións, que veñen a completar as estreas de produción galega.

LISTE, PRONUNCIADO LÍSTER

Margarita Ledo Anón, 2007. Documental. Con Mónica Caamaño. 111´.

A modo de biografía dun século marcado pola destrución, unha aproximación ao comandante e dirixente comunista galego Enrique Lister (1907-1995), que recorre a unha miscelánea de materiais (debuuxos, 8mm, fotos, documentos, escenificacións, filmes de propaganda e títulos épicos, noticiarios, películas familiares, programas de televisión...) que se erixen, a través do rigoroso labor de selección, nunha posta en cofecemento dos acontecementos que marcaron o ventre do século XX, operación que a súa autora xa iniciara en “Santa Liberdade” (2004).

TRAZOS

Simón Casal de Miguel, 2007. Con Ruth Sabucedo, Xosé Barato. 17´.

Dous mozos coñécense na cidade de Porto durante unha reunión de traballo. Pouco a pouco xorde algo entre eles. Unha historia de amor; de causalidade e de destino.

EN EL ARMARIO

Marcos Méndez, Raúl García, Elena Gómez, Jorge Mosquera, Martina Pérez e Eva Rey, 2007. Con Luis Zahera, Isabel Blanco, Monti Castiñeiras. 5´.

Rodrigo quere conservar a calquera prezo unha relación que pasa por unha complicada situación e para iso pídlle consello a Xermán e Mario. Con todo, a única saída para conservar a relación é saír do armario. Curta con numerosos premios en Galicia (Vilgarçía, dous galardóns Curtas na Rede, tamén presente na última e excelente Mostra de curtas de Noia).

O CRILLO

Raúl García e Martina Pérez, 2007. Animación. 2´.

Un grilo camiña pola vía do tren sen decatarse do perigo que se avexía.

NON RETORNABLE

Marcos Méndez e Eva Rey, 2007. Animación. 2´.

John Doe, un astronauta estadounidense pouco estilizado, chega ao planeta Sogama con intención de conquistalo. A necesidade de aliviar a súa aperta-da vexiga faino caer na trampa deste planeta tan particular.

PKM 406

Marcos Méndez, Raúl García, Elena Gómez, Jorge Mosquera, Martina Pérez e Eva Rey, 2008. Con Raúl García e Estela Rodríguez. 10´.

Unha muller intenta fuxir do seu destino, mais este xa está escrito.

Agradecementos: Margarita Ledo, Simón Casal de Miguel, Orillamar Films, Martina Pérez, Raúl García, Marcos Méndez, Elena Gómez, Jorge Mosquera, Eva Rey, Xermen Producións.

► DAVID LYNCH NO LABIRINTO DE “INLAND EMPIRE”:

Coincidindo co seminario *Inland Empire. Propostas desde o labirinto*, que terá lugar o día 28 de marzo no CGAI coa participación de reputados especialistas, organizamos un ciclo complementario dedicado á vertente da obra de Lynch máis próxima a este filme. No mes de abril proxectaremos *Cabeza Borradora* (1976) e *Carretera perdida* (1997). Dentro dun sistema audiovisual en estado de mutación permanente, a película *Inland Empire* de David Lynch estala como unha proposta apaixonante que non cesa de cuestionar os modelos establecidos, propoñendo novas formas de representación audiovisual que sitúan o cine máis alá do cine. O seminario *Inland Empire. Propostas desde o labirinto* parte da idea de que a película de David Lynch funciona como un auténtico labirinto expresivo aberto a mil e unha propostas de sentido. Para poder gozar da obra é preciso introducirse no complexo labirinto e observar como a película propón formas de circulación das imaxes, novas xeografía de urbano, novas formas de observar Hollywood como espazo do sinistro, novas temporalidades do fílmico e novos sistemas de desfiguración da orde figurativa que marcaa os sistemas tradicionais de representación. Entrar no labirinto é unha forma de afrontar unha obra maior do cine contemporáneo e de repensar; con ela, o lugar que o cine ocupa dentro dun universo audiovisual en tránsito permanente.

INLAND EMPIRE

David Lynch, 2006. Con Laura Dern, Jeremy Irons, Justin Theroux. 180´.

Segundo Lynch “un misterio acerca dunha muller metida en grandes dificultades”. Realizada en formato dixital, protagonizada por unha actriz, Nikki (Laura Dern), funciona a modo de fascinante síntese das súas preocupacións formais e temáticas, dono dun universo ben particular que entrecruza presenzas sensoriais e magnetismo do subconsciente, tendencia á abstracción co perturbador influxo dos espazos e o uso non verbal da palabra, sentenciando de modo maxistral todo relato tradicional. Considerada por “Cahiers du cinéma España” a mellor película do ano pasado.

MULHOLLAND DRIVE

David Lynch, 2001. Con Naomi Watts, Laura Elena Harring, Justin Theroux. 145´. Proxecto de serie frustrada para a cadea ABC, da que se roda un episodio piloto, completado coa chegada de investidores franceses. Levemente inspirado en dous dos filmes predilectos de Lynch (“El crepúsculo de los dioses” de Wilder; “Persona” de Bergman), extrema os achados de “Carretera perdida” e preludia “Inland empire”. Un accidente, unha muller amnésica, unha amizade amorosa feminina ambigua, a historia dun director de cine mozo na contorna dun perigoso Hollywood derivan no tratamento da perda de identidade, o desdoblamento, a loucura, a reflexión sobre o propio cine con temas musicais de Oscar Hammerstein ou Roy Orbison e actores secundarios tan estimulantes como Dan Hedaya, Lee Grant ou Robert Forster.

SIX FIGURES GETTING SICK

David Lynch, 1966. 1´.

Pertencente a un traballo de fin de curso na Academia de Belas Artes de Philadelphia estruturado para ser proxectado en pantalla en relevo. Aparecen as siluetas de seis figuras abstractas. Os seus órganos internos fãense visibles, e os estómagos énchense dunha substancia de cores brillantes, que lles sobe á cabeza, obrigándoos a vomitar.

THE ALPHABET

David Lynch, 1968. Con Peggy Lynch. 4´.

Combinación de imaxe real e animación orixinada no pesadelo dunha perso próxima a Lynch e nas propias incertezas do autor sobre o emprego da verbalidade, presenta unha curiosa relación entre educación e medo a través da historia dunha nena deitada nunha cama.

THE GRANDMOTHER

David Lynch, 1970. Con Richard White, Dorothy McGinnis. 34´.

Un nenso solitario, ao que seus pais pegan e ignoran, explora a escuridade do fogar familiar. Planta unhas sementes e comezan a dar os seus froitos. Lynch aumenta o dominio dos resortes fílmicos nun traballo para o American Film Institute.

THE AMPUTEE

David Lynch, 1974. Con Catherine Coulson, David Lynch. 5´.

Unha muller está sentada lendo unha carta referida a unha complexa rede emocional de relacións e malentendidos. Entra un médico que lle cura os cotos das pernas amputadas.

THE COWBOY AND THE FRENCHMAN

David Lynch, 1988. Con Harry Dean Stanton, Jack Nance. 22´.

Pertencente á serie “La France vue par...”, tamén firmada por Herzog, Wajda, Comencini e Godard. Nun Oeste estereotipado o rancheiro xordo Slim e os seus compañeiros atrapan unha criatura con boina que fala unha linguaxe extraña. O seu nome é Pierre e é francés. Burla de convencións e mostra dalgunhas constantes do universo de Lynch.

PREMONITION FOLLOWING AN EVIL DEED

David Lynch, 1995. Con Jeff Alperi, Mark Wood. 1´.

Contribución de Lynch ao filme conmemorativo do centenario do cine “Lumière et compagnie”, composto por 40 curtametraxes de 55 segundos. Tres policías achéganse ao corpo dun rapaz que xace nun prado...

LYNCH

BlackANDwhite, 2007. Documental. 84´.

Documental que representa un retrato íntimo do proceso creativo de Lynch, inmerso no labor de completar o seu último filme, “Inland Empire”, produto de máis de dous anos de seguimento e recompilación de imaxes de arquivo.

Agradecementos: David Lynch, Mark Savage, Lori Bassett, Absurda (Estados Unidos), Mindy Ramaker, Mariel Guiot, Musidora.

► HISTORIAS DE CINE PARA NENOS:

En colaboración con Roberto Carloti e Julie Dragon.

Iniciativa de periodicidade mensual dirixida aos máis novos, que contempla a versatilidade e posibilidades de aprendizaxe a través do cinema. Os rapaces deberán ir acompañados dun adulto. A sesión deste mes, a película *La petit vendeuse de soleil* (1998) e a curta *L’enfant et le caïman* (1999), recoméndase para nenos a partir de 12 anos, aos que se lles entregará unha ficha didáctica. A entrada é gratuita.

“Nun mundo protagonizado polas imaxes, coas súas representacións e metáforas tan influznos nos nosos hábitos, é necesario un programa de educación á imaxe. A xente nova ten unha relación con universos de ficción variados e á carta (videoxogos, Playstation e un sen fin doutros sucedáneos...), así como con masivas doses de programas televisivos, sen por iso posuír as claves que lles permitan ler e/ou interpretar as mensaxes transmitidas por medio destas imaxes.

A través desta programación mensual intentaremos ofrecer títulos variados que acheguen os rapaces a universos novos e enriquecedores, recorrendo a distintas áreas da historia do cine, procurar un abano suficientemente amplo como para estimular unha continuación máis didáctica no ámbito familiar. O descubrimento do cine en todos os seus compoñentes: curtas e longametraxes, filmes contemporáneos, cine mudo, cine de animación, documental, ficción.

A través de películas divertidas, serias ou emocionantes os rapaces descubren os momentos fortes da súa historia, inicianse na lectura das imaxes, viaxan por outros horizontes, divértense... E aman o cine!” Roberto Carloti e Julie Dragon.

LA PETIT VENDEUSE DE SOLEIL / [A PEQUENA VENDEDORA DE